



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 15/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRES DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a tres de agosto de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asisten:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, SUPLEMENTO DE CRÉDITOS IPE SC/2017.**

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos IPE SC/2017.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas e Facenda e informe de intervención.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que antes de entrar no debate, quer dicirlle ao Sr. Alcalde que o informe que xuntou coa documentación ven avalando aínda máis a súa proposta de baixada de impostos, xa que queda demostrado que esta a haber remanente e superávit suficiente para poder levala a cabo. O informe fala de que no exercicio 2016 liquidouse o orzamento cun superávit de máis de oitocentos mil euros, cun remanente de tesourería para gastos xerais de máis de un millón de euros. Trae a este pleno unha modificación de créditos, todos nos abstivemos na comisión pertinente, non sabe ao resto de compañeiros, pero a eles en ningún momento se lles dixo de facer ningunha proposta para o destino da parte deste remanente que se pode dedicar a investimentos financeiramente sostibles, en total 446.000 euros. Non lle sorprende a proposta do goberno, como sempre con proxectos que se poidan adxudicar a dedo, proxectos pequenos que non superen unha determinada cantidade para así poder facer procedementos negociados sen publicidade e poder convidara esa empresa de fora d concello. As obras todas son necesarias, pero tendo en conta a cantidade que se pode dedicar a investimentos financeiramente sostibles pregúntalle se non era mellor facer un proxecto en condicións e deixarse de andar facendo obras a cachos. É sabido por todos, por que xa se ten falado en anteriores plenos, que Ordes precisa dun cambio na rede de abastecemento. A obra que se propón na rúa Nova é necesaria, pero o realmente interesante para os ordenses é mudar dunha vez por todas a rede de fibrocemento existente dende fai tantos anos e que vostede parece esquecer cada vez que ten ocasión de poder investir. Hai unha normativa que así o esixe e prohibe o seu uso polo seu potencial de perigosidade que crece no tempo. O Servizo Nacional de Saúde estima nun 83% o repunte de enfermidades canceríxenas relacionadas coa inhalación e xestión do amianto. Trátase dun problema camuflado que sae da billa, por non falar das perdas económicas. Pero estamos a falar dun risco para a saúde xa que é evidente a rotura das tubaxes, e tras estas roturas existe un problema oculto. Ata a cantidade de roturas causa alarma, quen certifica que con esas roturas non pasa nada. É moi difícil, pero hai que ter en conta varios factores como a degradación do cemento ou a erosión continuada ao longo dos anos de servizo. O que quere dicir é que debe prevalecer o principio de precaución xa que ningunha exposición ao amianto é segura. É por iso que debe ser retirado o antes posible. Por que non se fai unha comisión para ver cal é o criterio a seguir nos investimentos e se como sempre vai a impor a súa idea antes que unha necesidade tan básica como é a nosa saúde. Que o proxecto na rúa Nova é necesario, claro que si, pero non so na rúa Nova senón en toda a rede existente de fibrocemento. O proxecto na Espenica é outro proxecto moi necesario que os veciños levan demandando, a pregunta aquí é por que tan pequeno, por que non se decide a investir dunha vez é deixar á Espenica con todos os servizos. O aglomerado vaille ben a esa empresa, como tamén lle vai ben no outro proxecto de Vilamaior. Na Espenica o que precisan primeiro é o ancheamento da vía nos puntos que todos sabemos que son conflictivos, trátase de mellorar o vial enteiro e non so o firme. Trátase de deixar ben unha zona que se pretende maquillar cun pouco de aglomerado. Pregúntalle se terá a ben facer con estes 447.000 euros un proxecto como é debido ou se como sempre vai andar coa súa teima de facer proxectos que vostede poida adxudicar a dedo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o 11 de novembro de 2016 dende o BNG fixemos unha proposta de obras a incluír no POS+ 2017, precisamente as tres obras que se propoñen realizar con este expediente de modificación de créditos. O que manifestaba a Sra. Martínez Candal de cementar a rede de abastecemento de auga é algo que foi o BNG quen o reclamou, o único que propuxo propostas de obras no POS+ 2017 e incluso nas propostas que fixeron para os orzamentos da Xunta de Galicia, onde



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

demandaron dun plan de desamiantado da rede de abastecemento de auga de Ordes e incluso tamén a ampliación da EDAR. Nas beirarrúas en rúa Nova ao mellor é necesario un ancho maior de 1,80 que é o mínimo que establece a normativa, podendo facerse alo mías a rúa gañaría, é unha proposta que deixan sobre a mesa. Por ser obras que incluíron en propostas anteriores do BNG, ser obras necesarias, van a votar a favor deste expediente de modificación de créditos.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que todas as obras son importantes, ven que ao mellor é necesario facer máis comisións onde poder falar as cousas onde un se pode entender e saírían mellor as cousas. Analizando os proxectos, están de acordo coa Sra. Martínez Candal en que na Espenica dunha vez por todas algún día haberá que facer un proxecto onde haxa que expropiar terreos e facer un vial ancho con beirarrúas nunha das marxes. Na rúa Nova hai outra cousa, por iso lle di que reforme o proxecto, o saneamento é de formigón e ten bastantes perdas. É unha pena que indo a facer unha obra nova non se reforme o proxecto como se fixo en Alfonso Senra. Están de acordo en todas aquelas obras para o ben dos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con respecto a esa observación o mirará cos técnicos. Cando se fixeron a valoración destes proxectos no mes de marzo, despois do PSO+ 2017, que estaban pendentes. Foi a primeira vez que poida analizar a rede de abastecemento e saneamento, conseguiu os formatos dixitais. Veremos esa observación cos técnicos, veremos se hai crédito. O importante é que se poidan executar estes proxectos no 2017 e non como o ano pasado que se aprobou tarde o expediente de modificación de créditos e houbo que incorporar créditos no exercicio seguinte quedando penalizados máis de dous centos mil euros. Estas obras son parte das que xa analizaron no seu día a finais do ano pasado e principios deste, son demandas necesarias dos veciños. O aumento do ancho da Espenica, veremos como reaccionan os veciños, non é fácil iniciar un expediente de expropiación, todos sabemos o que sucedeu na rolda leste durante case cinco anos coa famosa rotonda da Gorita. En rúa Nova analizaremos especialmente pola marxe esquerda de gañara o máximo posible, pola marxe dereita sempre nos atoparíamos co alumeado que ten báculos de nove metros e non sería fácil. Con respecto á crítica que se fai de que vaian dúas obras de aglomerado, soamente dicir POS+ 2017 un millón seiscentos mil euros, un millón douscentos mil euros en aglomerado, o votaron vostedes, nese momento non se acordaron para nada do que dixeron fai un momentinho. Que a xente analice o que se ven aquí a criticar e o que se fixo sen ter en conta para nada o criterio dos demais, polo que o debate non procede.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobado provisionalmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito IPE SC/2016, do orzamento municipal 2.017, de acordo co seguinte detalle:



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

ORZAMENTO DE GASTOS				
Partida de gasto	Descrición	Créditos antes da modificación	Crédito extraordinario	Créditos finais
1532.619.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	969.196,50	446.952,07	1.416.148,57
011.913.00	Débeda pública. Amortización de préstamos ao longo prazo de entes de fora do sector público	898.257,22	10.162,24	908.419,46
	<b>TOTAIS</b>	<b>1.867.453,72</b>	<b>457.114,31</b>	<b>2.324.568,03</b>

ORZAMENTO DE INGRESOS				
Partida de ingresos	Descrición	Previsións antes da modificación	Financiamento	Previsións finais
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	574.659,82	457.114,31	1.031.774,13
	<b>TOTAIS</b>	<b>574.659,82</b>	<b>457.114,31</b>	<b>1.031.774,13</b>

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e corenta e sete minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**